

ANEXO II

Protocolo

Compromiso de confidencialidade destinado a residentes.

D.

Con DNI/NIF/NIE . ten a condición de persoal en formación en réxime de residencia na Unidade Docente acreditada do Centro Sanitario . como:

- Residentes da Especialidade de . relacionada no Anexo I do RD 183/2008 do 8 de febreiro, coa titulación de (Médico, Farmacéutico, Psicólogo, Biólogo, etc.).
- Residente da especialidade de . en rotación procedente de Centro Sanitario (especificar centro de orixe).
- Profesionais sanitarios estranxeiros en estancia formativa autorizada polo Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade (art. 21 do RD 183/2008, do 8 de febreiro) na especialidade de
- Profesionais sanitarios extracomunitarios en período de exercicio profesional en prácticas ou en período complementario de formación (art. 8 do RD 459/2010 do 16 de abril) na especialidade de

Declara que,

1. Recoñece que os pacientes teñen dereito ao respecto da súa personalidade, dignidade humana e intimidade e á confidencialidade de toda a información relacionada co seu proceso.
2. Tamén recoñece que os pacientes teñen dereito a que se respecte o carácter confidencial dos datos referentes á súa saúde, e a que ninguén poida acceder a eles sen previa autorización.
3. De acordo co artigo 5 da Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, recoñece que ten o deber de manter secreto respecto á información á que acceda no desenvolvemento da súa actividade, comprometéndose a prestar o máximo coidado e confidencialidade no manexo e custodia de calquera información/documentación durante o seu período formativo e unha vez concluído o mesmo.
4. Recoñece que non procede transferir, duplicar ou reproducir todo ou parte da información á que teña acceso con motivo da súa actividade no Centro, non podendo utilizar os datos proporcionados polo mesmo para finalidades distintas á formación, ou aquelas para as que fose autorizado pola dirección do Centro.
5. Coñece e acepta o Protocolo mediante o que se determinan pautas básicas destinadas a asegurar e protexer o dereito á intimidade do paciente polos alumnos relacionados coas Ciencias da Saúde.
6. Está informado de que é responsable persoal de acatar o deber de confidencialidade e de que o seu incumprimento pode ter consecuencias penais, disciplinarias ou mesmo civís.

Por todo iso comprométese a que a súa conduta no Centro Sanitario se adecúe ao previsto nos apartados anteriores desta declaración responsable, que se subscribe por duplicado,

En , a de de

Asdo.:

Exemplar interesado

Exemplar Centro Sanitario